

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E O SISTEMA INTEGRADO DE XESTIÓN DE ENVASES E RESIDUOS DE ENVASES SIGFITO AGROENVASES, S.L., PARA O SEGUIMENTO DA XESTIÓN DOS ENVASES DO SECTOR AGRARIO EN GALICIA.**

---

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Agustín Hernández Fernández de Rojas, actuando en nome e representación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/83, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991 (DOG do 30 de abril), nomeado para o devandito cargo polo Decreto 81/2009, do 19 de abril, en relación co establecido no Decreto 44/2012, do 24 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e no Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia..

*Rosa María Quintana*  
Doutra parte, D<sup>a</sup>. Rosa María Quintana Carballo, actuando en nome e representación da Consellería de Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/83, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991 (DOG do 30 de abril), nomeada para o devandito cargo polo Decreto 11/2012, do 3 de xaneiro, en relación co establecido no Decreto 131/2012, do 31 de maio, polo que se modifica o Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Rural e do Mar e no Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

*Rocío Pastor Matut*  
E doutra parte, D<sup>a</sup>. Rocío Pastor Matut, Directora Xeral da entidade SIGFITO AGROENVASES, S.L., en diante SIGFITO, sociedade limitada sen ánimo de lucro.

Todas as partes, recoñécense mutuamente a plena capacidade para o outorgamento do presente Convenio.



## EXPOÑEN

I. Que a Comunidade Autónoma de Galicia é a Administración pública competente para o desenvolvemento legislativo e execución en materia de Medio Ambiente, competencia que se realiza a través da Consellería de Medio Ambiente de conformidade co establecido no Decreto 44/2012, do 24 de xaneiro.

II. Que de acordo co disposto na Lei 11/1997, do 24 de abril, así como no Real Decreto 1416/2001, do 14 de decembro, a posta no mercado de produtos fitosanitarios envasados farano a través dun sistema de depósito devolución e retorno ou a través dun sistema integrado de xestión de residuos de envases e envases usados.

III. Que de acordo ao artigo 19.1 do Real Decreto 782/1998, do 30 de abril, a ordenación do sistema de xestión destes envases en Galicia está baseada esencialmente no sistema integrado de xestión SIGFITO, opción elixida maioritariamente polos responsables da posta no mercado de envases fitosanitarios. A xestión está baseada na cadea de distribución e cooperativas agrarias, ademais de grandes explotacións agrícolas.

IV. Que SIGFITO é un Sistema Integrado de Xestión, constituído para dar cumprimento ás obrigas que a Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases establece aos seus produtores adheridos, e autorizado para realizar as súas actividades na Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, de conformidade co Real Decreto 252/2006, do 3 de marzo, polo que se revisan os obxectivos de reciclaxe e valorización establecidos na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, e polo que se modifica o Regulamento para a súa execución, aprobado polo Real Decreto 782/1998, do 30 de abril, SIGFITO garante no ámbito da Comunidade Autónoma o cumprimento dos obxectivos de reciclado e valorización nas porcentaxes e prazos establecidos na norma para todo o estado español.

V. Que SIGFITO leva funcionando en Galicia dende o ano 2003 e ten implantada a xestión de envases e residuos de envases de produtos fitosanitarios e outros produtos incluídos no ámbito da súa competencia. Que se considera necesario establecer unha canle de participación e seguimento da xestión destes residuos en Galicia que vai realizar SIGFITO, por parte das Administracións, e en consecuencia, as partes subscriben o presente Convenio de colaboración con suxeición ás seguintes






## CLÁUSULAS

### 1. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é o seguimento da xestión de envases de produtos fitosanitarios e dos produtos postos no mercado polas mesmas canles que os anteriores con uso no sector agrario en Galicia que son responsabilidade de SIGFITO; o seguimento do cumprimento dos obxectivos de reciclado e valorización que SIGFITO debe garantir no ámbito da Comunidade Autónoma; e a regulación das obrigas e dereitos das partes para logralos.


### 2. NORMATIVA APLICABLE



O presente Convenio queda suxeito, en todos os seus aspectos, á normativa aplicable, a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, a Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, a Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección Ambiental de Galicia, a Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, o Real Decreto 782/1998, de 30 de abril polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, o Real Decreto 1416/2001, de 14 de decembro, sobre envases de produtos fitosanitarios, o Real Decreto 252/2006, do 3 de marzo, polo que se revisan os obxectivos de reciclaxe e valorización establecidos na Lei 11/1997, do 24 de abril, o Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia e o Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios.

Para estes efectos, a normativa aplicable inclúe, ademais, as normas que poidan ditarse no futuro como novas ou como modificacións das existentes.

### 3. ACTUACIÓNS CONTEMPLADAS NO PRESENTE CONVENIO

- 
- a. Establecemento dos sistemas de depósito, contedorización, recollida, selección e, no seu caso, tratamento dos envases e residuos de envases de produtos fitosanitarios e dos produtos postos no mercado polas mesmas canles que os anteriores con

uso no sector agrario en Galicia, que se realizará de conformidade co programa de xestión incluído no anexo I.

- b. Implicación e participación dos axentes da cadea de distribución, cooperativas agrarias e grandes explotacións, en canto á xeración dos residuos obxecto do Convenio, para o maior éxito do sistema implantado.
- c. Establecer a responsabilidade do custo da xestión dos residuos incluídos no ámbito de SIGFITO.
- d. Realización de campañas de formación e información dirixida aos consumidores implicados na recollida, e seguimento do grao de aceptación destas campañas.

#### 4. OBRIGAS COMÚNS DAS PARTES

- a. As partes comprométense a realizar, no seu ámbito de actuación, os esforzos necesarios para garantir o éxito do sistema ou sistemas considerados máis axeitados, e trasladar aos axentes implicados os acordos e decisións tomados no seo da Comisión de Seguimento. Os sistemas considerados serán consistentes socialmente e viables dende os puntos de vista técnico, económico e ambiental.
- b. As partes comprométense a avaliar periodicamente os resultados da recollida así como o desenvolvemento deste Convenio, a través da súa participación na Comisión de Seguimento. O seguimento de resultados realizarase con periodicidade anual.
- c. Así mesmo, cada unha das partes comprométense a achegar ás outras toda aquela información que poida axudar á implantación e desenvolvemento das recollidas en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### 5. OBRIGAS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- a. Dirixir, coordinar en colaboración co resto das partes, e participar nas actuacións consensuadas no seo da Comisión de Seguimento, necesarias para a implantación e desenvolvemento do sistema de recollida de residuos de envases, incluídas as campañas de formación e sensibilización.





- b. Colaborar na elaboración e difusión das campañas de formación e sensibilización cidadás, na forma establecida no seo da Comisión de Seguimento.
- c. Designar os seus representantes na Comisión de Seguimento.

A Consellería non asume ningunha obriga económica nin obrigas ou responsabilidades que legalmente ou baixo este Convenio corresponda a outras persoas.

A asunción destes compromisos pola Consellería non supón unha minoración das obrigas e responsabilidades de SIGFITO.

## 6. OBRIGAS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR.

- a. Informar as entidades e institucións incluídas no seu ámbito de competencias, a súa implicación no sistema, así como da implantación e desenvolvemento do sistema de recollida de envases baleiros, facilitar a información necesaria, coordinar e participar nas actuacións que no desenvolvemento desta poidan afectarlles.
- b. Colaborar na elaboración e difusión das campañas de formación e sensibilización cidadás, na forma establecida no seo da Comisión de Seguimento.
- c. Designar os seus representantes na Comisión de Seguimento.

A Consellería non asume ningunha obriga económica nin obrigas ou responsabilidades que legalmente ou baixo este Convenio correspondan a outras persoas.

A asunción destes compromisos pola Consellería non supón unha minoración das obrigas e responsabilidades de SIGFITO.

## 7. OBRIGAS DE SIGFITO

- a. SIGFITO, como sistema integrado de xestión, financiará os gastos necesarios para realizar a xestión de residuos de envases de produtos fitosanitarios e dos produtos postos no mercado polas mesmas canles que os anteriores con uso no sector agrario obxecto deste Convenio.

En xeral SIGFITO ten que cumprir coas obrigas que a normativa aplicable establece, ademais das sinaladas na autorización outorgada como sistema integrado de xestión pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

b. En particular enuméranse de forma non exhaustivas os correspondentes a:

- i. Organización, implantación, execución e seguimento da implantación e desenvolvemento do sistema de recollida dos envases de cuxa xestión SIGFITO sexa responsable.
- ii. Soportar os custos necesarios para a implantación e mantemento do sistema de recollida destes envases e, en concreto, financiar os recipientes de recollida no seu caso, o transporte dende o lugar dos centros de agrupamento ata as instalacións de tratamento, e o tratamento final.
- iii. Colaboración na elaboración, e financiamento das campañas de formación, información e sensibilización cidadás, previo aprobación da Comisión de Seguimento.

c. Con carácter xeral, garante a recollida de todos os envases e residuos de envases de produtos fitosanitarios e dos produtos postos no mercado polas mesmas canles que os anteriores con uso no sector agrario que se lle entreguen nas condicións e lugares designados e que sexan da súa responsabilidade asumindo os custos derivados da súa axeitada xestión.

d. Poñer en coñecemento inmediato das outras partes deste Convenio calquera incidencia con relevancia sobre a súa execución.

e. Designar aos seus representantes na Comisión de Seguimento.


## 8. COMISIÓN DE SEGUIMENTO


Constituirase unha comisión de seguimento do presente Convenio, formada por dous representantes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, dous representantes da Consellería do Medio Rural e do Mar, dous representantes de SIGFITO. Esta comisión deberá reunirse polo menos trimestralmente, salvo que a propia comisión estime outra frecuencia. Estará presidida polo Secretario Xeral de Calidade e Avaliación





Ambiental, ou persoa en quen delegue, ocupando a Secretaría un representante de SIGFITO, e terá as seguintes funcións:


- 
- a. Realizar a dirección técnica.
  - b. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente Convenio, propondo as actuacións que se consideren precisas.
  - c. Avaliar os resultados da xestión periodicamente.
  - d. Dirixirse aos axentes con responsabilidade no funcionamento do sistema, con aqueles asuntos que a comisión considere oportunos.
  - e. Interpretar, en caso de dúbida, o contido do presente convenio.
  - f. Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puidesen xurdir na aplicación do Convenio. Estas controversias e as súas resolucións quedarán reflectidas na acta correspondente, asinada polos integrantes da comisión de seguimento.
  - g. Dar conformidade ao deseño das campañas de formación e sensibilización cidadá.



Se algunha das partes o estima necesario, poderase invitar a asistir a asesores, representantes de colectivos implicados, ou outros axentes relacionados co obxecto e ámbito do presente Convenio, de modo que poidan achegar o seu punto de vista para que sexa tido en conta polos membros da comisión de seguimento.

O funcionamento da Comisión regularase de conformidade co establecido no capítulo II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que se regula o funcionamento dos órganos colexiados.

## 9. MODIFICACIÓN DO CONVENIO



No caso de producirse algunha modificación das condicións da autorización de SIGFITO, e que tivese efecto sobre as disposicións do presente Convenio, as partes deberán incorporalas a este por medio dunha acta adicional.

Así mesmo, se unha disposición legal puidese dar lugar a unha modificación na execución do presente Convenio, as partes comprométese a informar a outra parte e a tomar todas as medidas necesarias para



asegurar a continuidade da execución do Convenio, revisándose aquelas condicións que poidan incidir directamente nos seus contidos.

## 10. ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

Sen prexuízo da posibilidade de prórroga da autorización concedida, a duración do convenio será inicialmente de 5 anos, estando intimamente ligada a vixencia da antedita autorización.

No caso de que se producise a suspensión, caducidade, incumprimento ou revogación da autorización da entidade xestora do sistema integrado de xestión, e sen prexuízo das previsións contidas no artigo 36 da Lei 10/2008, do 3 de novembro para os supostos de cesamento da actividade dos sistemas integrados de xestión, o Convenio quedaría resolto respecto á citada entidade xestora cuxa autorización tivese resultado afectada.

Co obxecto de garantir a continuidade do servizo de SIGFITO na Comunidade Autónoma, en caso de que o presente Convenio deixe de ter vixencia por algunha razón, manteranse as condicións de financiamento e funcionamento previstas nel durante un prazo máximo dun ano. Este período poderá prorrogarse de mutuo acordo entre as partes asinantes do Convenio.

*Fon. Galicia*

## 11. NATUREZA DO CONVENIO

O presente Convenio ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

## 12. CAUSA DE EXTINCIÓN

O presente Convenio extinguirase por calquera das seguintes causas:

- Polo transcurso do tempo de vixencia fixado no presente Convenio.
- Por acordo unánime das partes.
- Por calquera outra causa de resolución prevista na normativa vixente.
- No caso de producirse calquera incumprimento das obrigas asumidas e derivadas do presente Convenio por algunha das







partes, poderá instarse a resolución do presente Convenio, mediando un prazo de preaviso de 7 (sete) días. En calquera caso, as partes comprométese a poñer todos os medios ao seu alcance para evitar, na medida do posible, a resolución anticipada deste Convenio.

E en proba de conformidade co acordado asinan o presente documento en Santiago de Compostela a 22 de abril de 2014.

Conselleiro de Medio Ambiente,  
Territorio e Infraestruturas

Conselleira do Medio Rural e do  
Mar



Agustín Hernández Fernández de  
Rojas



Rosa María Quintana Carballo

Directora Xeral de SIGFITO  
AGROENVASES, S.L.



Rocío Pastor Matut



## ANEXO I

PROGRAMA DE XESTIÓN PARA A RECOLLIDA DE RESIDUOS DE ENVASES E ENVASES USADOS DE PRODUTOS FITOSANITARIOS E DE PRODUTOS NON FITOSANITARIOS QUE SE ADHIREN A SIGFITO E COMERCIALIZAN POLAS MESMAS CANLES E CUXOS ENVASES SE XERAN NO ÁMBITO AGRÍCOLA.

**Descrición do sistema**

Acórdase establecer un sistema de recollida selectiva co que pretende adaptar a recollida dos envases agrícolas en función de se son ou non perigosos. A nova separación de fluxos basearase na clasificación do residuo e no tratamento final ao que se lles someterá.

Hai que ter en conta que os envases do ámbito de SIGFITO poden ser tanto perigosos coma non perigosos, pero os envases que sexan perigosos, o Real Decreto 1416/2001, do 14 de decembro, sobre envases de produtos fitosanitarios indica que as normas sobre residuos perigosos serán aplicables a partir do momento en que os envases baleiros, despois do seu uso, sexan depositados e postos a disposición do sistema integrado de xestión no lugar e forma designados para iso por este.

É primordial ter en conta tamén que este sistema de recollida ten como obxectivo modificar o menos posible a dinámica xa aprendida e levada a cabo con éxito por parte dos agricultores e os puntos de recollida.

O sistema basease na diferenciación de dous fluxos:

- a) Por un lado os envases agrícolas de plástico ríxido (de fitosanitarios e non fitosanitarios) que no proceso de aplicación do produto, de conformidade co





Real Decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, se someten á tripla enxaugadura antes de desbotalos como residuos, e que polo tanto se entregan limpos en orixe e cos tapóns quitados. O seu principal tratamento será o reciclado como residuo non perigoso.

b) Por outro lado, os envases agrícolas flexibles, plástico filme, papel e outros materiais (de fitosanitarios e non fitosanitarios), que xeralmente non foron lavados por parte do agricultor tras o seu uso, trataranse como residuo perigoso e se xestionarán tendo en conta o principio de xerarquía no tratamento de residuos: primeiro se reciclarán, se non é posible se valorizarán e finalmente se eliminarán.

Se a cantidade desta fracción de envases flexibles o xustificase, SIGFITO poderá solicitar a súa separación en orixe para poder reciclalos ou valorizalos como non perigoso (a día de hoxe a cantidade estimada que se pode recoller por centro deste tipo de residuos é de 2,5 kg/ano).

c) En determinadas áreas poderá existir un terceiro fluxo de envases metálicos, que como ata a data se consideraran perigosos e se reciclaran.

Para garantir a xestión correcta de todos os residuos, na entrega dos envases no punto de recollida, na retirada por parte do xestor, e á entrada da planta de tratamento, realizaranse inspeccións visuais dos envases entregados, en especial do plástico ríxido, de tal maneira que aquilo que non sexa conforme se identifique e se trate como residuo perigoso.

Así mesmo manterase un programa de tutela ou vixilancia da validez do proceso mantendo, polo menos ao inicio, un control de rastrexabilidade dos residuos e da materia prima producida similar ao dos residuos perigosos.

En todo caso a xestión do plástico ríxido como non perigoso farase despois de que, mediante as caracterizacións ou probas que estableza a comisión de seguimento, se determine que os envases fitosanitarios se someteron



efectivamente a unha tripla enxaugadura que determine que o residuo é non perigoso.

Con posterioridade, e conforme aos criterios que marque a comisión de seguimento, realizaranse comprobacións periódicas para garantir que os residuos son non perigosos.

#### Sistema xeral. Recollida a través de puntos de recollida

Coas premisas consideradas anteriormente, o modelo xeral de recollida baséase no mantemento da rede de puntos existentes dos centros de distribución e venda que reciben os envases baleiros directamente do usuario final, e a súa ampliación a outros puntos sempre que as entidades de distribución e consumo así o soliciten.

A devandita rede está apoiada na participación voluntaria, que se materializa mediante a firma dun convenio de colaboración, das entidades de distribución e consumo dos produtos do ámbito do SIX con SIGFITO, se ben tamén poden participar outro tipo de entidades en igualdade de condicións que os anteriores.

Os puntos de recollida reciben os envases baleiros dos usuarios finais dos produtos, aínda que se trate de unidades de venda non consumidas nin comercializadas por estes, e mantéñenos en condicións adecuadas ata a súa entrega aos xestores/transportistas contratados por SIGFITO AGROENVASES, S.L.

#### Recollidas procedentes de grandes produtores

Co propósito de evitar traslados de residuos dende os grandes produtores ata os puntos de recollida, así como evitar o maior dimensionamento dos puntos de recollida, poderase realizar recollidas directas aos grandes produtores.

#### Outras recollidas





O SIX poderá realizar recollidas de envases procedentes de aplicacións realizadas polas empresas adheridas ao SIX, aplicacións promovidas pola Administración, ou outras recollidas de residuos de envases do ámbito do SIX, agrupadas en cantidades abondo, que xustifiquen a súa viabilidade.

### **Requisitos dos intervenientes na xestión dos residuos.**

#### Usuarios finais.

De acordo co anterior e coa Lei 22/2011, do 28 de xullo, os agricultores, como posuidores dos residuos non perigosos poden almacenalos ata un máximo de dous anos se o destino é a valorización ou un ano se é a eliminación, se ben estarán obrigados a mantelos en condicións axeitadas de hixiene e seguridade mentres se encontren no seu poder.

Do mesmo modo, polo Real Decreto 1416/2001, de 14 de decembro, para os envases de fitosanitarios, o traslado dos residuos dende o lugar de xeración ata os puntos de recollida ou instalacións de xestión, aínda cando sexan perigosos, non está afectado pola normativa de residuos perigosos.

#### Puntos de recollida

Como posuidor de residuos, os puntos de recollida están obrigados a manter os residuos en condicións axeitadas de hixiene e seguridade mentres se encontren no seu poder.

De conformidade co artigo 2.2 do Real Decreto 1416/2001, de 14 de decembro, os envases baleiros son postos a disposición do SIX cando os consumidores finais ou os puntos vinculados os entreguen aos puntos de recollida, ou aos provedores autorizados contratados polo SIX.

O residuo recollido non terá a condición de residuo perigoso nas instalacións dos puntos de recollida. Iniciarase a aplicación da normativa de residuos perigosos no momento en que os envases son retirados do punto de recollida



por SIGFITO. A partir dese momento SIGFITO asume todas as obrigas previstas na normativa para os produtores de residuos perigosos.

Non obstante, se durante a vixencia da autorización se encontrase un modo doado e sen que afecte ao funcionamento do sistema, poderíase considerar que fosen os puntos de recollida os que actuaran como produtores de residuos perigosos.

Os puntos de recollida só aceptarán os residuos de envases procedentes de usuarios finais do seu ámbito, independentemente da súa residencia ou actividade agrícola e trátase ou non de socios ou clientes. Non obstante, poderanse establecer condicións de recollida e horarios diferentes ao da actividade normal da entidade, previa notificación e acordo con SIGFITO.

SIGFITO deberá responder como entidade xestora do SIX da súa propia actuación e das esixencias que aos SIX e ás súas entidades xestoras impón a normativa de envases. Estas obrigas quedan garantidas coa prestación da fianza prevista na vixente autorización e que constitúe unha esixencia amparada na normativa vixente.

Xestores/transportistas contratados por SIGFITO AGROENVASES, S.L.

A recollida e transporte dos residuos realizarase por empresas autorizadas ou inscritas para residuos perigosos no caso de que os residuos teñan tal consideración, e para residuos non perigosos noutro caso.

Do mesmo modo, os residuos do ámbito do SIX serán tratados en instalacións de xestión que contén con autorización administrativa para iso, acorde á consideración dos residuos recollidos.

### **Acondicionamento dos residuos**





O SIX entrega bolsas aos puntos de recollida que lles permiten cumprir cos requisitos solicitados para ao almacenamento dos residuos. Os medios subministrados polo SIX poderán variar se se identifican outros máis axeitados para o funcionamento do sistema. Neste caso comunicárase previamente á Comisión de seguimento os medios que se subministren.

## Organización da recollida

### Cantidades mínimas

A viabilidade do sistema require que o traslado dos residuos se realice cando haxa cantidades abondo para completar portes, ou noutro caso aproveitando retornos de vehículos.

Para iso requírese aos puntos de recollida que dispoñan dunha capacidade mínima de almacenamento, de polo menos 8 m<sup>3</sup>. En todo caso, os puntos poderán solicitar recollidas por enriba das cantidades mínimas establecidas e sempre que non superen os prazos máximos de almacenamento, podendo en todo caso solicitar unha ampliación do prazo de almacenamento ao órgano ambiental competente.

### Retiradas a puntos de recollida

Unha vez que os puntos de recollida acumulan as cantidades mínimas establecidas, ou antes de que transcorra a duración máxima establecida por lei, solicitan a SIGFITO a recollida destes, e este trasládalo aos xestores/transportistas contratados na zona.

Logo de acordo con SIGFITO, os puntos de recollida poderán facer o traslado dos seus propios residuos ata as instalacións de xestión designadas por SIGFITO, sempre que contén coa inscrición ou autorización correspondente.

### Prazos de recollida



A planificación da recollida contempla que:

- O traslado de residuos perigosos debe ser notificado á Administración cunha antelación mínima de 10 días.
- Con vistas á viabilidade do sistema, procúrase coordinar recollidas a varios puntos, que permitan completar portes.

Así, para o caso de residuos perigosos, as recollidas realizaranse nun período máximo de tres semanas dende a solicitude destas, dando prioridade ás maiores acumulacións de residuos.

En todo caso os traslados de residuos deberán formalizarse utilizando as plataformas informáticas que a Administración poña a disposición para documentar os traslados.

#### Residuos que excedan o ámbito material do SIX

Os residuos que non sexan do ámbito de SIGFITO non formarán parte dos acordos que se establezan para a recollida, polo que, en virtude do artigo 42 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, para os produtores ou posuidores iniciais dos residuos, estes serán responsable da súa correcta xestión.

#### **Tratamento final**

Os residuos recollidos serán trasladados a instalacións autorizadas de xestión acordes á consideración do residuo. As devanditas instalacións poden ser de tratamento final ou de almacenamento no ámbito da recollida en espera de tratamento.

Sempre que sexa preferible a outra valorización, e que dentro do sector exista un mercado para iso, fomentárase a preparación para a reutilización de envases por parte de provedores autorizados a iso, para a súa posterior reutilización para os mesmos produtos envasados.





Os tratamentos finais aplicados poderán ser por esta orde, o reciclado e a valorización enerxética, ou en último caso a eliminación.

### Documentación e Rastrexabilidade

Sen prexuízo da exclusiva responsabilidade destes operadores en canto ao coñecemento e cumprimento das súas obrigas normativas, o SIX poderá asesorar aos puntos de recollida sobre a documentación que deban dispoñer e cumprimentar pola súa participación no sistema, tanto para os casos nos que o residuo teña a consideración de perigoso como se non.

Así mesmo, esixirá aos xestores/transportistas que cumpran coas obrigas documentais que lles afecten na recollida e posterior traslado dos residuos dende os puntos de recollida, despois de realizar as notificacións preceptivas.

SIGFITO obrigará nos seus contratos a que os xestores/transportistas contratados informen dos xestores finais aos que estea previsto enviar os residuos para o seu tratamento final, así como de calquera modificación nos xestores ou tratamentos previstos para os residuos.

A documentación das recollidas e as certificacións de xestión dos residuos que emitirán os xestores/transportistas contratados, permitirán que o SIX realice o seguimento da rastrexabilidade da xestión dos residuos dende o punto de entrega ata as instalacións finais, coñecendo cantidades, destinos e tratamentos finais aplicados.

Por outra parte, dado que é obrigatorio para os agricultores dispoñer dunha xustificación da entrega do envase ao SIX para a súa correcta xestión, SIGFITO pon a disposición dos puntos de recollida albarás para os agricultores, que xustifican a entrega dos residuos.

